

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DE 30 DE DECEMBRO DE 2023

1. **ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2023/00054559F.**

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

2. **PROMOCIÓN ECONÓMICA.** Referencia: **2023/00014527H.**

Aprobación da xustificación do "Convenio coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela no marco do programa Compostela Móvese 2023"

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado entre a CÁMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con documento oficial de identificación CIF Q-1573004 G e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2023. O gasto, por valor de 75.000.-€, irá con cargo á aplicación 010 43300 4890002 dos orzamentos municipais de 2023.

Segundo. Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

Terceiro. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 010 43300 4890002 dos orzamentos municipais de 2023.

3. **CULTURA E FESTAS.** Referencia: **2022/00035148N.**

Aprobación do gasto e de resolución da convocatoria de subvencións a Festas Patronais do Concello de Santiago de Compostela 2022.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o expediente de aprobación do gasto e de resolución da convocatoria de subvencións a Festas Patronais de Santiago de Compostela 2022.

Segundo. Aprobar o outorgamento de subvencións a 6 entidades que cumpren cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria para ser persoas beneficiarias por importe de 4.463,50 euros.